



# Aproximación diagnóstica aos Programas de Educación Familiar e ás necesidades socioeducativas das familias en Galicia

Equipo Tecendo redes

*Santiago, decembro, 2009*

## Equipo coordinador:

Eva López Soto (Dir.)  
Laura Cruz López  
Laura Fernández García  
Pablo Fonte Loureiro  
Ana María de la Iglesia González  
Virginia María Mariño García  
María Martínez Conde  
María Muñoz Fernández  
Carmen Paredes Cabral  
Mónica Rioboo Bonome  
Isabel Taboada Mougán  
Natalia Tierno Pérez  
Guadalupe del Pino Villamarín Taboada

## ÍNDICE

1. Introducción.....	4
2. Instrumentos de recollida de datos.....	4
3. As necesidades socioeducativas das familias.....	6
4. A articulación de servizos, programas e recursos de apoio ás familias.....	8
5. Os programas de educación familiar en Galicia.....	10
6. Propostas de futuro.....	16
7. Bibliografía.....	19
8. Anexos.....	17

## 1. INTRODUCCIÓN

O estudo que se presenta a continuación xorde da necesidade de coñecer en profundidade a realidade das prácticas no ámbito da Educación Familiar e como estas contribúen a mellorar a vida cotiá e as funcións que as familias desempeñan actualmente na sociedade galega.

Esta é a primeira actuación contemplada en *Tecendo redes, programa de apoio á Educación Familiar*, para dispor dun coñecemento que fundamente a planificación futura deste programa atendendo aos seus obxectivos primordiais: promover a calidade dos Programas de Educación Familiar (en adiante PEF) e articular os servizos e programas existentes no ámbito da intervención familiar para facelos máis eficaces, dando respostas máis axeitadas ás necesidades das familias, as infancia e as adolescencias.

Para realizar este traballo o equipo de Tecendo redes deseñou unha ruta baseada principalmente en metodoloxías cualitativas e na participación dos axentes que desenvolven os programas de Educación Familiar, escollendo en consecuencia instrumentos que permitiron captar opinións, reflexións e propostas, significativas e válidas en si mesmas, dado que representan a quen as emite, como principais protagonistas da acción, e utilizando tamén a triangulación en base á diversidade das técnicas utilizadas (entrevistas en profundidade a educadoras/es familiares, entrevistas en profundidade a unha mostra de traballadoras/es sociais, entrevistas en profundidade a unha mostra de axentes comunitarios), que posibilitaron extraer conclusións e visións que caracterizan á realidade da Educación Familiar e, neste senso, proxectar posibles itinerarios de futuro.

Neste documento analízanse, en primeiro lugar, as necesidades socioeducativas das familias dende o punto de vista das e dos profesionais que traballan con elas, dos recursos especializados e de representantes de familias. E, en segundo lugar, centrámonos nos PEF segundo os perciben as/os educadoras/es familiares, as traballadoras/es sociais e outros axentes clave da comunidade e da intervención familiar en Galicia, con experiencia acreditada no ámbito, como poden ser a Fundación Meniños, a Fundación Preescolar na casa, a Fundación Secretariado Xitano, entre outras.

O documento remata cunha proposta de mellora para os programas de Educación Familiar e dunha posible articulación de servizos e recursos que ofrezca unha mellor resposta ás súas necesidades, nun novo escenario social caracterizado por unha forte fragilidade económica e social que necesita e demanda, máis que nunca, unha actuación responsable e coordinada das distintas administracións públicas, das e dos profesionais, e do tecido cidadá.

## 2. INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA DE DATOS

Concíbese a exploración diagnóstica da realidade como unha función permanente pero tamén inicial de todo programa social, co obxecto de poder encamiñar as súas actuacións sobre unha base de coñecemento sólida. Neste senso, tendo en conta os distintos tipos de investigación social e sendo a máis utilizada a de tipo cuantitativo, Tecendo redes optou por unha investigación de corte cualitativo, dende unha pretensión de descrición e comprensión profunda da realidade que permita orientar a toma de decisións en relación á mellora das actuacións futuras. Neste senso, unha das técnicas que responde a esta finalidade é a

*entrevista en profundidade*, consistente nun interrogatorio aberto para recabar as opinións, valoracións e as propostas de futuro dos axentes principais do campo explorado.

Así, entrevistáronse ao 93,90% do total de educadoras/es familiares pertencentes a 183 concellos de Galicia durante os meses de xuño e xullo de 2008. Ademais, realizáronse entrevistas en profundidade a 52 profesionais, representantes de familias e de entidades que traballan no ámbito da intervención familiar durante o período de decembro 2008 a marzo de 2009 (xúntase a relación de entidades entrevistadas no Anexo 1).

Como en todo deseño cualitativo, os criterios tidos en conta para a selección da mostra de persoas entrevistadas no caso de traballadoras/es sociais respondeu principalmente a argumentos de significatividade, que foron:

- A experiencia e traxectoria profesional heteroxénea.
- A diversidade urbano-rural.
- Os diferentes graos de relación e coordinación cos Programas de Educación Familiar.

Na mostra de axentes sociais e educativos atendeuse tamén a criterios de diversidade no ámbito de actuación, tanto territorial (fundamentalmente autonómico e supramunicipal) como profesional (atención a diferentes realidades e problemáticas sociais).

O guión da entrevista dirixida a axentes sociais e educativos centrouse en tres eixos principais (no anexo 2 reproducése o guión completo):

#### **A. A valoración das necesidades socioeducativas das familias:**

Neste apartado preguntábase sobre a percepción das persoas entrevistadas en relación ás funcións sociais que desenvolven e que deben desenvolver as familias na actualidade, e sobre o tipo de recursos que necesitan para dar cumprimento axeitado a estas funcións, destacando cales son as dificultades principais a nivel familiar e a nivel social. Tamén se lles preguntaba cales eran os grupos ou persoas que consideraban con máis dificultades para poder desenvolver satisfactoriamente as súas funcións, se era pertinente e tendo en conta o seu ámbito de traballo.

#### **B. A valoración dos recursos e servizos:**

Neste apartado solicitábase a apreciación das persoas entrevistadas sobre os recursos existentes, o coñecemento dos mesmos por parte da poboación destinataria e en que recursos se debería incidir de cara ao futuro. Un segundo grupo de preguntas enfocábase cara o propio ámbito de traballo da persoa entrevistada, solicitándolles información sobre as dificultades e demandas que atopaban para un axeitado exercicio das súas funcións profesionais en relación ao cumprimento das necesidades das familias e as súas competencias socioeducativas. Ademais, pedíase a opinión das persoas entrevistadas sobre a súa participación en proxectos comunitarios que abordaran as competencias educativas das familias en coordinación con outros axentes sociais, así como unha valoración sobre que medidas concretas se poderían introducir no seu ámbito de traballo para contribuír ao desenvolvemento das competencias das familias.

### **C. A valoración do Programa de Educación Familiar:**

Por último, inclúanse un conxunto de cuestións que facían referencia á súa valoración sobre o programa de Educación Familiar, as funcións das profesionais, os contidos do programa e as propostas para unha actuación coordinada.

Nos casos en que a entrevista en profundidade foi realizada a traballadoras/es sociais dos servizos sociais comunitarios básicos, ou profesionais pertencentes aos Equipos Técnicos do Menor, aos centros de protección á infancia e aos Programas de Integración Familiar, o protocolo incorporaba cuestións máis concretas sobre os PEF (ver anexo 3), incidindo sobre todo nas reflexións sobre as funcións dos/as diversos/as profesionais en relación ao programa, e nas propostas de futuro que sinalarían para que este respondera mellor ás necesidades socioeducativas das familias.

Para analizar a información e os datos extraídos das entrevistas en profundidade agrupamos as respostas foron agrupadas en varias categorías de análise co obxecto de facilitar a súa comprensión:

- As necesidades socioeducativas das familias para o exercicio das súas funcións sociais.
- A articulación de servizos, recursos e programas de apoio ás familias.
- Os Programas de Educación Familiar.
- Propostas en relación á organización futura dos Programas de Educación Familiar.

### **3. AS NECESIDADES SOCIOEDUCATIVAS DAS FAMILIAS**

Todas as persoas entrevistadas coinciden en que a familia continúa desempeñando as funcións sociais tradicionais: a socialización dos seus membros, transmitindo valores e normas; funcións educativas, estimulando a construción da identidade persoal, fomentando a aprendizaxe, preparando para a vida; económicas, contribuíndo ao sustento económico dos membros; funcións de protección, sendo un entorno que proporciona seguridade e estabilidade emocional e afectiva.

A este respecto sinalase que existen dificultades para as familias no desenvolvemento destas funcións debido aos cambios sociais producidos. Estas dificultades teñen que ver fundamentalmente con: as diferencias urbano-rural; as desigualdades entre homes e mulleres; a aceleración dos ritmos de vida; a falta de recursos de conciliación que faciliten o acceso ao emprego para as mulleres; e a falta dunha rede de transporte público que, especialmente no rural, condiciona tamén o acceso aos recursos de apoio ás familias, atopándose a maioría deles nas capitais de provincia.

Outras dificultades sinaladas polos/as profesionais teñen que ver con cambios na educación parenteral que transitou de modelos educativos autoritarios e coercitivos cara modelos excesivamente permisivos e baseados na satisfacción inmediata dos desexos nun modelo de sociedade que prima o consumo impulsivo e exacerbado. Algunhas profesionais entrevistadas sinalan tamén dificultades nas familias para asumir a súa responsabilidade na tarefa educativa xa que tenden a atribuír os problemas de comportamento dos fillos e fillas exclusivamente a estes, sen seren conscientes do rol que xogan as figuras adultas da familia

na aprendizaxe e na transmisión dos valores, actitudes e comportamentos prosociais.

Cando se lles pregunta cales son os colectivos con maiores dificultades as respostas atópanse condicionadas polos escenarios nos que traballan ou viven as persoas entrevistadas. Así, destacan a persoas maiores cando o contorno é rural; inmigrantes ou xitanos cando a diversidade cultural ten unha presenza importante no seu territorio. As profesionais do traballo social refírense en maior medida a familias con escasos recursos económicos, e a aquelas que “arrastran” patróns de conduta de xeracións anteriores, reproducíndose roles que non facilitan a convivencia social. Ademais, a maioría das persoas entrevistadas coinciden en destacar como colectivos con maiores dificultades sociais ás familias monoparenterais, ás figuras parenterais con pouca formación, moi novas ou moi maiores, con poucos recursos, sen redes sociais de apoio ou referencia, “ou con algún tipo de discapacidade e dependencia”. En todos os casos, as mulleres son consideradas dobremente vulnerables polo feito de ser mulleres.

Hai persoal técnico pertencente a recursos especializados que non sinala a ningún colectivo con máis dificultade que outro, afirmando que todas as familias teñen dificultades.

As demandas que fan as familias aos diferentes servizos e recursos sociais, segundo as profesionais do traballo social entrevistadas, acostuman a ser fundamentalmente de tipo económico e de carácter puntual; é dicir, as familias solicitan a solución dun problema sen percibir que a súa resolución será un proceso a longo prazo. Pódese observar unha diferenza entre a percepción destas profesionais e as que pertencen a outros recursos sociais do territorio que entenden que as familias tamén demandan máis coordinación entre recursos e apoio para a resolución de conflitos. Neste senso, unha profesional afirma: “é preciso axudar ás familias a identificar as súas necesidades”.

As necesidades teñen que ver coa superación destas dificultades. As persoas entrevistadas identifican as seguintes:

- A prevención en centros escolares e a implicación do profesorado en plans de traballo conxuntos coas familias<sup>1</sup>, que potencien a educación en valores no primeiro caso e para compartir a experiencia acumulada sobre a infancia e a adolescencia dende ambas perspectivas, dando unha mensaxe coordinada aos rapaces e rapazas que multiplique os efectos e consecuencias da intervención.
- A incorporación do traballo de rúa ao traballo profesional, engadindo os diferentes contextos sociais na intervención familiar.
- A dispoñibilidade de recursos flexibles en canto aos seus horarios de atención, posto que a manifestación de necesidades familiares non está suxeita a tempos determinados e débese poder darlles resposta se existe o recurso axeitado. Nos casos de familias inmigrantes ou monoparenterais ou outras que sofren traslados laborais, estas cuestións tórnanse fundamentais, tendo en conta a carencia de redes sociais que soe ir asociada con estas circunstancias.
- A existencia de recursos próximos, de intervención directa e de apoio ás familias, non só de “supervisión”<sup>2</sup>; que non suplan as funcións das familias senón que as acompañen no proceso educativo de cambio.
- Máis formación parenteral: concienciación do seu rol educativo e socializador;

---

1 As educadoras/es familiares tenden a percibir que só se implican cando as situacións son extremas.

2 Neste caso, o termo “supervisión” é utilizado como sinónimo de control ás familias, e a persoa entrevistada o identifica cunha relación distante e neutra coa familia e os seus membros, centrada na transmisión de pautas, normas e encargos á familia, sen incorporación da súa participación no proceso de cambio.

estratexias de resolución e mediación de conflitos; incorporación de habilidades e competencias comunicativas; educación das familias na corresponsabilidade “para que non siga recaendo todo o peso da educación nas mulleres”. Esta situación, sinalan, acentúase nos contornos rurais, e no informe diagnóstico do Plan Integral de Apoio ás Familias é atribuído a que “as mulleres están en peores condicións derivadas da falta de servizos, ás distancias, e aos escasos recursos económicos cos que contan” (2007: 19).

- Poñer en valor as funcións das familias, empoderándoas e dándolles seguridade no seu rol socializador.
- A conciliación familiar, apuntando á necesidade de xornadas laborais máis curtas para que as familias poidan dedicar tempo ao exercicio dos seus roles parenterais<sup>3</sup>.
- Programas de Educación Familiar, que incidan no apoio e acompañamento na vida diaria das familias para poder exercer axeitadamente as súas funcións, e facéndoas coñecedoras dos seus dereitos.
- Programas de educación para a igualdade e a corresponsabilidade, para que os homes e os nenos asuman e interioricen valores e actitudes igualitarias e corresponsables no ámbito privado, e que eviten que os recursos de conciliación suplan as funcións familiares ou as que veñen desenvolvendo as mulleres en exclusiva.

As necesidades do colectivo de familias xitanas son substancialmente diferentes das do resto das familias. Polo menos así o entenden dende a Fundación Secretariado Xitano, que afirman que a maioría teñen necesidades relacionadas en primeiro termo coas condicións materiais de vida, infraestruturais, de vivenda e de saúde. A estas hai que sumarllas as necesidades educativas tendo en conta que, sendo nas súas orixes unha cultura ágrafa, a escola nunca incorporou os seus valores como contidos curriculares, abocando así ás persoas xitanas a un desinterese xeral pola educación formal, patrón cultural que pouco a pouco vai evolucionando, sobre todo, naqueles grupos sociais deste colectivo económica e socialmente máis favorecidos.

Cabe sinalar que entre as respostas das persoas entrevistadas existe unha alusión ampla á necesidade de traballar os valores e os significados do benestar e a calidade de vida, dende o punto de vista de que as necesidades das familias moitas veces son creadas e construídas a partir dos patróns consumistas da sociedade occidental, que non se corresponden con necesidades reais das familias.

#### **4. A ARTICULACIÓN DE SERVIZOS, PROGRAMAS E RECURSOS DE APOIO ÁS FAMILIAS**

A información achegada por todos os colectivos, profesionais e entidades entrevistadas indica que *a descoordinación e a duplicidade de funcións* son os problemas principais dos recursos existentes. Tamén se botan en falta os relacionados coa conciliación da vida laboral, persoal e familiar, así como a falta de todo tipo de recursos dirixidos ás familias nos contextos rurais.

---

3 Este tipo de necesidades é coincidente coas que se sinalan no informe de diagnóstico para a elaboración do Plan Integral de Apoio ás Familias, que recolle: “unha das principais necesidades ás que se enfrontan as familias galegas está directamente relacionada coa conciliación dos tempos e das tarefas asociadas ao coidado dos seus membros” (2007: 19).



## A. Os recursos mellor valorados

Son aqueles considerados como máis necesarios e os que se dirixen á conciliación da vida laboral e familiar: os bancos do tempo, as escolas infantís, os servizos de canguraxe, os comedores escolares, os servizos tipo madrugadores ou “bos días, cole”, etc. O programa *Preescolar na Casa* aparece como un dos mellor valorados tanto pola súa actividade como pola súa metodoloxía centrada na prevención. Precisamente este tipo de programas preventivos son os que mellor se valoran, pero facendo referencia á necesidade de estabilidade. As/os traballadoras/es sociais tamén valoran:

- O SAF: servizo de atención ás familias da Policía Autonómica.
- A Fiscalía de menores.
- Os programas de apoio ás familias con problemas cos seus fillos e fillas que desenvolve a Asociación de Terapia Familiar de Galicia (ATFG).

## B. Os recursos peor valorados

As persoas informantes coinciden en sinalar o mal funcionamento dos programas de escolas de pais e nais, xa que o formato que utilizan non ten demanda. Por outra banda, faise referencia aos Gabinetes de Orientación Familiar, fundamentalmente debido ao seu carácter provincial e á consecuente falta de accesibilidade para as familias. Apóstase neste sentido pola súa comarcalización. A mesma apreciación faise no caso dos Puntos de Encontro Familiar.

Polo que respecta ao funcionamento doutros servizos vértense as seguintes valoracións:

- As actividades dos centros socioculturais non se adaptan ben á realidade socioeconómica dos barrios.
- Os axentes clave opinan que os servizos sociais non son percibidos pola cidadanía como un dereito senón como prestacións de programas e servizos dirixidos ás persoas máis vulnerables e, por iso, limitan a súa accesibilidade a outras persoas potencialmente usuarias.
- Sobre os centros educativos hai informantes que pensan que deberían abrir polas tardes con propostas socioeducativas de traballo para as familias e o alumnado, e con persoal adicado a estas funcións dentro dun equipo de orientación multidisciplinar e dentro dun modelo de orientación comunitario e comprensivo, promovendo unha verdadeira comunicación familia-escola.

Por outra banda, existe unha opinión xeneralizada de que é necesario unha maior difusión dos recursos propios da Administración autonómica e estatal así como dos servizos que prestan as entidades do terceiro sector para que cheguen e repercutan no benestar da cidadanía, doutra forma o investimento público que se fai na súa posta en marcha non resulta rendible.

Tamén se pon de manifesto por parte dos axentes informantes, a desigualdade no acceso aos recursos, sobre todo, no medio rural, incidindo nas desvantaxes sociais e culturais a pertenza ou a residencia nestes concellos. Para elo, se propón a xeneralización do transporte público no rural así como a posta en marcha de servizos de carácter itinerante.

Os servizos que se considera necesario incrementar son os seguintes:

- Aqueles dirixidos á conciliación con carácter flexible: canguraxe, ludotecas, bos días cole, escolas infantís, comedores escolares...
- Recursos de lecer para rapaces adolescentes, especialmente no tramo 14-16 anos.
- Servizos de reforzo educativo.
- Programas preventivos das dificultades familiares.
- Servizos especializados en saúde mental: psicoloxía e psiquiatría infanto-xuvenil.
- Programas municipais de terapia familiar.
- Recursos para apoiar ás familias na crianza dos seus fillos e fillas.
- Unidades de atención temperá.
- Centros de atención a infancia e adolescencia con problemas de conduta.
- Alternativas de emprego para adolescentes e persoas adultas: escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Servizos para persoas con discapacidades.
- Centros de día para infancia e adolescencia.
- Centros de día para maiores e residencias públicas.
- Incrementar o persoal de servizos sociais.

En contraste coa extensión dos servizos e recursos no rural, no medio urbano apóstase pola coordinación e articulación entre recursos. Sinalan as persoas informantes que a *dificultade* máis importante na intervención familiar é a *falta de coordinación*. As/os traballadoras/es sociais tamén mostran a súa preocupación a este respecto, posto que dificulta o seu labor na toma de decisións críticas respecto da valoración de situacións extremas das familias con grave risco. Nestes casos non se senten apoiadas polos equipos especializados. Afirmar que a diferenza de criterios está limitando as intervencións e competencias de cada servizo no ámbito da intervención familiar. Para subsanar estas disfuncións optan polas seguintes vías:

- A redución da burocracia e o “papeleo” nos trámites de prestacións.
- A revisión e reorganización de todos os recursos para a súa optimización e evitar a duplicidade de funcións.
- A posta en marcha de sistemas de supervisión no posto de traballo e nos equipos.
- A creación de mesas de coordinación en diferentes ámbitos.

As/os profesionais do traballo social sinalan que os programas cos que existe maior coordinación son Preescolar na casa e os Plans comarcais de prevención de drogas, centros educativos, centros de saúde, unidades de atención temperá e unidades de saúde mental.

## 5. OS PROGRAMAS DE EDUCACIÓN FAMILIAR EN GALICIA

Os Programas de Educación Familiar en Galicia xorden ao abeiro dunha orde de subvencións no ano 1994. A súa finalidade era potenciar o traballo educativo con familias e coa infancia que se atopan en situación de risco e desprotección social, co obxectivo de axudalas a superar estas circunstancias, incentivando procesos de adquisición de competencias persoais e sociais. O traballo iniciado nestes anos por profesionais sen a cualificación suficiente en moitos casos, e a falta de referentes institucionais que guiaran as actuacións que se desenvolveron baixo esta cobertura, así como a falta de supervisión

profesional, configuraron un panorama galego caracterizado polas diferencias abismais entre municipios na prestación deste servizo, e por unha inseguridade laboral e profesional que condicionou e condiciona na actualidade as actuacións neste ámbito da intervención social.

O interese do noso programa en coñecer máis polo miúdo a situación dos programas municipais en Galicia radicaba en identificar o punto de vista de diferentes sectores e recursos que desenvolven directa ou indirectamente funcións de intervención con familias e que se relacionan, ou son susceptibles de facelo, cos programas de Educación Familiar. Contábase coa visión das educadoras/es familiares a través do estudo realizado pola entidade IGAXÉS-3, pero faltaba o contraste desta análise con outros/as profesionais. É por elo, que neste apartado, abórdanse as dificultades e debilidades, as potencialidades e as necesidades destes programas dende un punto de vista propositivo, que apunte medidas de mellora e cambio para o seu fortalecemento e recoñecemento dentro dos servizos sociais comunitarios e para dar mellor cumprimento ás novas necesidades das familias, ás novas dificultades e ás novas familias.

### **A. Conceptualización do programa de Educación Familiar e das funcións das/os profesionais**

A primeira idea que cómpre resaltar é o escaso coñecemento do programa por parte das persoas entrevistadas, a maioría dos axentes clave e dos concellos onde non existe o PEF. Nestes casos, as persoas entrevistadas supoñen ou se fan unha idea sobre o seu significado: “enténdese como unha intervención preventiva e de traballo coas familias no relativo a pautas educativas, coidado e necesidades dos fillos/as”. Os contidos poderían ser: “convivencia, responsabilidade, etc., facilitando a implicación dos pais e nais na atención e coidado dos seus fillos e fillas”.

No caso de concellos nos que se desenvolve o PEF as profesionais do traballo social coñecen o programa e o definen atendendo aos seguintes enfoques:

- *De prevención selectiva:* é un programa específico que intervéñ con familias desestruturadas e con menores. Vai dirixido a aquelas familias que precisan dun maior control e dun seguimento máis directo e continuado. Algunhas destas traballadoras sociais inciden tamén en definilo como “unha axuda no fogar”.
- *De prevención primaria:* é un programa comunitario, educativo e universal, dirixido a todas as familias no que, sobre todo, se traballan os seguintes aspectos:
  - Normas e límites na educación dos fillos/as en relación a distintas situacións-problema.
  - Orientación a familias con necesidades socioeducativas.
  - Mediación familiar e resolución de conflitos.
  - Xestionar e acompañar no acceso a outros recursos en caso necesario.
  - Manter canles de comunicación e colaboración estables cos centros de ensino e outros recursos relacionados.

A especial relación que dende o PEF se debe manter cos centros de ensino é posta de relevo por moitas traballadoras/es sociais, decantándose por que este traballo coa escola debe ser o cerne das intervencións.

Algunhas profesionais van máis alá e insisten en definilo como un servizo esencial dentro

dos servizos sociais con dúas dimensións principais: a prevención e a intervención. Estas traballadoras sociais tamén aluden, a que existen compañeiras dentro do traballo social cunha visión moito máis restrinxida, enfocando o programa só ao cumprimento das necesidades primarias ou básicas.

Os obxectivos do programa, segundo a súa opinión, son:

- Promover a autonomía das familias para que sexan autónomas e xestionen a súa vida optimamente en todos os escenarios polos que transitan: familiar, de lecer, de traballo, etc.
- Educar no reparto de responsabilidades e tarefas equilibradas entre os distintos membros da familia.
- Potenciar a inclusión das familias na comunidade.
- Previr situacións de desamparo.
- Ofrecer ferramentas e habilidades para a consecución da autonomía.

As funcións das educadoras/es familiares serían, en opinión das *traballadoras/es sociais*:

- Funcións educativas en xeral: apoio na adquisición de habilidades e competencias, de formación, de animación, de promoción.
- Apoio socioeducativo e psicolóxico<sup>4</sup>.
- Detección e prevención de situacións de risco e dificultade.
- Acompañamento social ás familias.
- Mediación entre a familia e diferentes contextos.
- Valoración das situacións familiares.
- Execución dos plans de intervención coas familias.
- Emisión de informes.
- Colaboración co programa de axuda a domicilio.
- Realización de visitas domiciliarias<sup>5</sup>.
- Intervención comunitaria e grupal.
- Coordinación cos profesionais que interveñen coas familias dende outros ámbitos.

Os *axentes clave* fan fincapé, sobre todo, na prevención. Outras funcións sinaladas son:

- Coordinación cos centros educativos e coas traballadoras/es sociais.
- Apoio e acompañamento ás familias na súa vida cotián.
- Educación.
- Mediación familiar.
- Sensibilización comunitaria.

No informe global das entrevistas en profundidade, realizado por Tecendo redes en setembro de 2008, as educadoras/es familiares discreparon tamén sobre a definición, obxectivos e funcións que caracterizan aos programas de Educación Familiar<sup>6</sup>. Conviven dúas concepcións non antagónicas, unha máis ampla e universalista, centrada na prevención e intervención de situacións familiares de dificultade e outra, máis asistencialista, centrada na superación de necesidades básicas e, “ensinar ás familias a adquisición de habilidades sociais, de economía doméstica, de educación e coidado dos fillos/as, de

---

4 Sinalado nun único caso.

5 Sinalado nun único caso.

6 Cómpre ter en conta que este informe diagnóstico foi realizado no inicio das actuacións do programa Tecendo redes, e non había unha visión unificada sobre o significado do programa.

hábitos de hixiene, de mellora da saúde” (Informe global de entrevistas a educadoras/es familiares, 2008: 18).

## **B. Familias destinatarias do PEF**

Respecto deste punto, na maioría das entrevistas, as traballadoras/es sociais e informantes clave sinalan que as destinatarias do PEF deben ser todas as familias en xeral. Tamén hai algunhas traballadoras sociais que indican que na práctica se acaba priorizando a aquelas que se atopan en situacións de maior vulnerabilidade e que acostuman a ser as que están integradas por fillos e fillas menores de idade. Neste caso xustifican esta priorización dende o punto de vista da limitación de recursos humanos e orzamentarios nos servizos sociais municipais.

No primeiro caso, hai algunha traballadora social que indica que é necesario traballar dende as dificultades máis leves, porque se non se atallan a tempo estas poden derivar en dificultades máis graves de desprotección.

Pola súa banda, as educadoras/es familiares indican, na súa maior parte, que interveñen con aquelas familias que presentan maiores dificultades e con menores ao seu cargo. Esta aproximación ten as súas excepcións en casos de intervención no rural, en que as persoas destinatarias son en moitos casos persoas maiores con problemas de illamento e soidade e con necesidades de carácter socioeducativo.

## **C. As funcións das/dos traballadoras/es sociais con respecto aos Programas de Educación Familiar**

As funcións máis sinaladas son as que se encadran dentro da prestación de información, apoio e asesoramento recollida no Plan Concertado de Servizos Sociais e, nesta agrúpanse, as seguintes:

- Recepción da demanda, detección de necesidades socioeducativas e derivación ao PEF.
- Ser a/o profesional de referencia e a porta de entrada
- Valoración da situación familiar, diagnóstico e planificación do plan de traballo coa familia en coordinación coa educadora/or familiar<sup>7</sup>.

Outras funcións sinaladas en relación ao programa de Educación Familiar son:

- Apoiar as actuacións da educadora familiar.
- Seguimento do plan de intervención en colaboración coa educadora/familiar.
- Redacción do informe social.
- Derivación a servizos especializados.
- Supervisión da intervención da educadora e coordinación con todos os recursos.
- Intervención directa coas familias, dependendo dos casos.
- Deseño de programas e proxectos de prevención de condutas de risco e educativos en colaboración coa educadora/or familiar.
- Apoio e asesoramento en recursos destinados ás familias.
- Apoio e difusión do asociacionismo e a participación na comunidade.
- Traballo en equipo e coordinación co PEF, toda a información que van obtendo as distintas profesionais que interveñen no caso debe ser compartida para reenfocar

---

<sup>7</sup> Nalgún caso o plan é elaborado pola traballadora/or social e a educadora/or familiar só realiza a intervención e vai modificando os obxectivos en función da observación de necesidades.

o plan de traballo conxuntamente.

Hai algunha traballadora social que opina que a educadora familiar pode intervir conxuntamente co centro educativo cando se trata dunha demanda especificamente educativa e non hai necesidade de que interveñan outras profesionais. Desde o seu punto de vista, cantas menos profesionais estean implicadas mellor para a familia.

Para os axentes clave as funcións das/os traballadoras/es sociais serían, fundamentalmente, información, orientación, e asesoramento, reclamando ademais unha maior implicación no traballo directo con familias e infancia, e non centrarse tanto en tramitacións.

#### **D. As funcións doutros profesionais con respecto aos Programas de Educación Familiar**

As profesionais de Servizos Sociais destacan a necesidade de poder contar tamén con psicólogas/os dentro dos equipos de servizos sociais para completar o catálogo de servizos e poder ofertar terapia familiar. Tamén se demanda a figura de avogada/o para apoiar as intervencións familiares.

As funcións dos **centros educativos** son moi importantes porque hai moitos aspectos que traballar conxuntamente coa educadora: hixiene, educación parenteral, educación sexual, alimentación, detección de situacións de risco, prevención, etc. Algunhas persoas entrevistadas neste sector insisten na importancia de traballar as vontades, porque aínda que existan canles, tempos e espazos, se non hai unha actitude de predisposición, a coordinación fracasa. Nalgún informe comarcal insísteuse na escasa relación e implicación entre centros educativos e a comunidade, e á inversa.

Os **Equipos Técnicos do Menor (ETM)** son definidos pola profesional entrevistada como un servizo de apoio técnico, dende o que se “contribúe a forzar a situación para que se traballe coa familia”. Para o desenvolvemento das súas funcións se pon en marcha un plan de traballo coa familia na que deben intervir coordinadamente tanto ETM como servizos sociais municipais. Tamén contan cos Equipos de Integración Familiar (EIF) da Fundación Meniños para aqueles casos en que o internamento do menor se pode evitar ou para desenvolver un traballo de reintegración, tanto antes como durante e despois do internamento. Nestes casos, traballan coordinadamente ETM, EIF e SS. municipais.

A entrevistada reconece que a pesar de contar con sistema específicos de coordinación, estes non se usan como tal. Sinala que é necesaria esta coordinación entre todos os axentes que interveñen coas familias, e reclama máis profesionais para a Educación Familiar, para desenvolver programas preventivos nos servizos sociais. Pensa que os ETM non son os equipos idóneos para o desenvolvemento destes programas a pesar de vir así recollido no decreto que regula as súas funcións.

En todo caso, cómpre sinalar que en todos os informes, tanto nas entrevistas ás educadoras/es familiares como a axentes clave, son recorrentes as referencias á escasa coordinación e a diferenza de criterios entre equipos de servizos sociais municipais e servizos sociais especializados. Reclámase, neste senso, a celebración de xuntanzas periódicas, tamén a tres bandas cos centros de protección e/ou reforma: “O sistema de coordinación entre os diferentes recursos debería marcar a lo menos un mínimo de xuntanzas periódicas”.

As profesionais entrevistadas dos **Gabinetes de Orientación Familiar** (GOF) pensan que poderían ter unha función de asesoramento ás educadoras/es familiares na intervención directa coas familias.

A maioría de persoas entrevistadas insisten en destacar a falta de coordinación entre as diversas entidades e profesionais: “Ao non existir protocolos e liñas de colaboración que delimiten as responsabilidades e as competencias dos profesionais, as solucións acostuman a perderse nos despachos e nos informes de derivación”, afírmase no informe comarcal de Marín. No de Begonte, o axente clave que representa aos centros de protección sinala tamén a falta de coordinación entre a cantidade de equipos que interveñen coas familias constituíndo unha dificultade porque “parcelan as familias”. Ademais, é usual que a información non circule entre eles, destacando a mesma persoa que no caso do centro de reeducación cando un dos rapaces do centro acode ao seu domicilio o fin de semana, non é habitual que algún dos profesionais de servizos sociais do concello de procedencia do rapaz realice o seguimento nese tempo, cuestión que na súa opinión é consecuencia da falta de coordinación e da pouca flexibilidade horaria nos servizos sociais comunitarios xa que non se traballa os fins de semana.

### E. Valoración do funcionamento do programa de Educación Familiar

Moitas das persoas clave entrevistadas non manifestaron unha valoración dos PEF por descoñecemento destes programas. As valoracións realizadas, fundamentalmente por traballadoras sociais e por algunha profesional con relación previa cos PEF, son predominantemente negativas. Os motivos que argumentan coinciden practicamente en todos os casos, e teñen que ver con:

- A falta de entendemento entre a traballadora social e a educadora familiar. Esta pode vir derivada por criterios de actuación non coincidentes, o que fai que as intervencións de ambas profesionais camiñen por vías totalmente opostas. Isto supón ademais o problema de que as familias ven unha dobre vía, e segundo lles conveña acoden a unha ou a outra profesional.
- A heteroxeneidade de criterios entre concellos que fai que os servizos que se prestan dende este programa sexan diferentes: “cada profesional fai dende as demandas que lle fai o concello ou lle permite a súa formación inicial”.
- A escasa consideración social debido ao seu descoñecemento. Este ten que ver con varios factores: a Administración autonómica non o considera un servizo básico dentro dos servizos sociais polo que non está correctamente financiado nin regulado. O descoñecemento atribúese tamén a unha falta de información sobre o mesmo: “eu creo que o que non se vende e o que non se publicita non se ve, e o que non se ve non existe. Hai que publicitalo”.

Ademais destas debilidades, outros aspectos que as traballadoras/es sociais refiren en menor medida son: que a Educación Familiar debe ser máis operativa, no sentido de que debe facerse máis traballo de campo, opinando que na actualidade tende a ser demasiado burocrática ou de despacho. En relación aos principios metodolóxicos, algunhas profesionais tamén perciben que non hai un traballo con todos os membros da familia, centrándose a intervención case exclusivamente coas nais, e practicamente nada cos rapaces e rapazas. Reclaman neste senso dúas educadoras familiares, unha en xornada de mañá e outra de tarde xa que coa infancia e a adolescencia é mais doado traballar polas tardes. Así, algunha traballadora social indica: “non hai demanda do PEF, porque non funciona ben, se funcionaran doutro xeito terían moita máis demanda”.

A falta de recollida de información e de sistematización do traballo é outro dos puntos débiles sinalados no que respecta á metodoloxía de traballo das educadoras familiares. Esta reflíctese despois nos informes nos que non se dá conta dos plans de intervención, das áreas que se traballaron, etc.

Por último, sinalan tamén a falta de coñecemento por parte das educadoras/es familiares das funcións doutros equipos, dos ETM, por exemplo, así como a falta de protocolos que delimiten as responsabilidades de cada profesional.

En canto á valoración positiva que se fai do programa, as traballadoras sociais da área de Mondoñedo destacan que a súa posta en marcha contribuíu á mellora dos servizos sociais de atención primaria, xa que “a figura da educadora familiar dinamizou o concepto de servizos sociais”.

En canto ás suxestións manifestadas para a mellora dos PEF, as sintetizamos nas seguintes propostas:

- Maior difusión do PEF.
- Maior estabilidade e financiamento a través do plan concertado: “dedicación exclusiva ao programa e con xornada completa se queremos que haxa resultados”.
- Formación conxunta para as/os profesionais, unificación de criterios de actuación, reparto de tarefas e funcións dentro do equipo de servizos sociais comunitarios, para acadar a verdadeira interdisciplinabilidade e un traballo en equipo eficaz.
- Necesidade de transparencia tanto coas familias como entre as/os profesionais que interveñen cun mesmo expediente familiar.
- Necesidade de mediación e fomento do traballo coordinado dende a Administración autonómica. Nalgúns casos, tradúcese nunha demanda a Tecendo redes.
- Maior intervención grupal e comunitaria.
- Incorporación real da perspectiva de xénero en todas as actuacións profesionais dos servizos sociais<sup>8</sup>.
- Necesidade de incidir moito máis no traballo preventivo e na súa caracterización como servizo universal, dirixido a todas as familias.
- Sistemas de coordinación estables entre profesionais e entidades.
- Sensibilización política para que se vexa que as competencias e funcións das/os profesionais veñen dados polo seu perfil e non todos valen para todo.
- Sensibilización comunitaria sobre os programas de Educación Familiar.

Valorouse positivamente o traballo de Tecendo redes para a unificación de criterios a través da construción do Programa Marco.

## 6. PROPOSTAS DE FUTURO

### A. Sobre os programas de educación familiar

Cómpre ter en conta que o escenario da Educación Familiar vai estar rexido no futuro polas

---

<sup>8</sup> Só é anotado por unha persoa das entrevistadas.



decisións que adopten as e os responsables político-técnicos do Plan Concertado de Servizos Sociais. As cuestións que se propoñen tentan responder, tamén, ás necesidades futuras das familias no ámbito socioeducativo detectadas a través das educadoras/es familiares así como por outras/os profesionais ou entidades relacionadas coa intervención familiar ao longo desta análise.

Partimos da consideración do servizo de Educación Familiar como un dereito que debe formar parte da Carteira de Servizos das corporacións locais. Neste sentido, é imprescindible a súa extensión a todos os concellos, existindo a posibilidade de comarcalización naqueles casos en que sexa necesario. Así, entendemos a intervención familiar integrada nos servizos sociais comunitarios, e, polo tanto, asumida por parte do equipo, que segundo a Lei 13/2008 será interdisciplinar. En canto aos perfiles profesionais do equipo, compartimos o recollido no Mapa de equipamentos e servizos sociais, no que se contemplan as seguintes especialidades: Educación Social, Traballo Social e Psicoloxía.

Dende esta concepción a Educación Familiar, non sería un programa ou recurso, senón a intervención socioeducativa específica dentro do equipo de servizos sociais, que se vería complementada necesariamente pola intervención específica dende outras disciplinas, favorecendo respostas integrais e integradoras a realidades complexas. Así o especifica un dos axentes entrevistados: “a liña a seguir deben ser equipos multiprofesionais onde non se traballe por programas, senón equipos de traballo que deben dar resposta ás necesidades da comunidade na que traballan, con idéntica responsabilidade e capacidade de decisión cada un dos seus membros. Evitaríanse así as disputas profesionais derivadas do mal entendido intrusismo profesional, o que ademais vai permitir aproveitar as potencialidades de cada membro do equipo, así como evitar a duplicidade de intervencións do propio departamento”.

Para avanzar nesta liña, é preciso definir as funcións e responsabilidades de cada profesional dentro do equipo. A proposta de Tecendo redes concrétese na programación de xornadas de formación específicas para a clarificación e o consenso das funcións. Formación que se debe encadrar dentro do plan de formación anual do Plan Concertado de servizos sociais, cun formato diferente ao actual, de carácter obrigatorio, garantindo o acceso de todas as e os profesionais do territorio galego.

Dentro da proposta de coordinación que se expón no programa marco de Educación Familiar se anotan medidas para promover o traballo en rede, sustentadas dende o marco teórico e participadas polas persoas profesionais protagonistas. No marco desta proposta faise referencia á necesidade dun grupo promotor e impulsor deste traballo en rede. No documento de planificación de Tecendo redes relativo ao ano 2010 inclúese, como unha das súas actuacións, a mediación nos equipos de servizos sociais comunitarios en función da demandas, como unha cuestión especialmente necesaria para que todo o equipo de traballo de servizos sociais traballe dende a mesma filosofía compartida e con criterios de calidade.

Esta actuación, co necesario respaldo institucional tería que traducirse nun sistema de supervisión no posto de traballo e nos equipos de servizos sociais, onde o seu cerne central o constituiría a implementación e execución dos acordos e consensos do articulado do programa marco no referente á intervención socioeducativa con familias.

Dentro desta función, outros dos aspectos centrais serían o impulso e o apoio do traballo preventivo e comunitario dos programas de Educación Familiar, así como a sistematización e rexistro das súas actuacións, tal e como se desprende das opinións das persoas

entrevistadas en relación ao que consideran os déficits principais do funcionamento do programa.

Ademais, nas propostas realizadas polos profesionais sinaladas no presente documento, pode observarse como moitas delas constitúen o núcleo programático das actuacións de Tecendo redes recollidas nos diferentes documentos técnicos do programa (díptico, dossier, liñas estratéxicas 2009 e 2010):

- Promover unha cobertura homoxénea e integral dos servizos públicos de apoio ás familias.
- Impulsar o tecido dunha rede galega de Educación Familiar.
- Favorecer a unificación de criterios de actuación no marco da Educación Familiar.
- Visibilizar as políticas públicas de apoio ás familias e as boas prácticas desenvolvidas neste ámbito.
- Sensibilizar á comunidade antes as diversas realidades familiares e potenciar o compromiso e a solidariedade social.

E na misión de Tecendo redes: “a promoción dun sistema de calidade para os programas municipais de Educación Familiar, fundamentado nun enfoque educativo, preventivo, e nunha perspectiva de xénero”.

## **B. A articulación de servizos e recursos e o traballo en rede**

Un dos obxectivos que se marcou Tecendo redes nos seus inicios foi a promoción dunha cobertura homoxénea e integral dos servizos públicos de apoio ás familias. Poder avanzar nunha proposta tan ambiciosa require ademais dun coñecemento exhaustivo do panorama da intervención familiar en Galicia, dunha grande coordinación, participación e consenso entre os axentes que a protagonizan. Pese a formularse como un obxectivo a longo prazo, despois de ano e medio existen algúns elementos que permiten suxerir algúns apuntamentos dende o sentido común e dende o saber técnico. Estas suxestións coinciden coas propostas dos diferentes axentes entrevistados.

- Estudo das funcións dos diferentes equipos e programas especializados na intervención con familias e infancia: Equipos Técnicos do Menor, Gabinetes de Orientación Familiar, Equipos (programas) de Integración Familiar, Equipos de nenos maltratados e abusados, Puntos de Encontro Familiar.
- Reorganización dos servizos e recursos especializados favorecendo, por unha banda, a creación dun único centro de apoio ás familias e á infancia, e por outra, a súa descentralización e comarcalización.
- Modalidade de xestión pública e contratación directa, dependente da Administración autonómica.
- Carácter multidisciplinar dos equipos: a súa composición englobaría, como mínimo, as disciplinas de Traballo social, Psicoloxía e Educación social.
- As funcións destes centros comarcais de apoio ás familias serían: a) de apoio, coordinación e cooperación cos profesionais dos servizos sociais comunitarios básicos do ámbito da intervención familiar; b) de impulso e promoción da intervención comunitaria e do traballo en rede<sup>9</sup>.

Na importancia do traballo comunitario fai fincapé un dos axentes: “É necesario presentar

<sup>9</sup> No documento final do programa marco se formula unha proposta de coordinación e traballo en rede entre os diferentes axentes intervintes no traballo con familias.

alternativas, máis traballo voluntario, por exemplo. Crear rede social, crear comunidade. Iso fai falta, sen esquecerse dos poderes públicos. O triple eixo é información, formación e participación como algo global, e compromiso onde consigues cidadáns activos, comprometidos, dinámicos e isto trae consigo a promoción e activación de alternativas para as familias e para a comunidade”.

Outro dos axentes propón como mecanismos propicios da coordinación, a celebración de xornadas destinadas a diferentes profesionais nas que se consensúen pautas comúns de actuación, así como establecer o modo de traballar conxuntamente a través de formas estables e protocolos. Algunhas destas propostas están recollidas no capítulo de coordinación e traballo en rede no Programa Marco para a Educación Familiar. Na proposta establecida, incídese na creación de diversas estruturas estables de traballo entre todos os axentes que traballan con familias a través da posta en marcha das fases necesarias para o seu impulso e consolidación.

## 7. BIBLIOGRAFÍA

- Informe global de entrevistas a educadoras/es familiares, 2008. Tecendo redes.
- Xunta de Galicia (2007): Informe diagnóstico do IV Plan Integral de Apoio ás Familias. Secretaría Xeral de Igualdade.

## 8. ANEXOS

### Anexo 1: Relación de entidades entrevistadas.

1. Asociación de Padres de Niños con Problemas psicosociales (ASPANEPS).
2. Asociación de ex-alcohólicos de Ferrolterra.
3. Asociación distrito quinto A Coruña.
4. Unidade municipal de saúde mental do concello de A Coruña.
5. UNICEF.
6. Servizo de pediatría do Centro de saúde de Oroso.
7. Fundación Secretariado Xitano.
8. Inspección de Educación de Pontevedra.
9. Fiscalía de Menores de Pontevedra.
10. Oficina de Inmigración do concello de Vigo.
11. Unidade atención temperá do CHUS.
12. Observatorio da Mariña pola Igualdade.
13. Centros quérote.
14. ANPA da provincia de Lugo.
15. ANPA da provincia de Ourense.
16. Centro de reeducación de menores “Santo Anxo” de Rábade.
17. Gabinete de Orientación Familiar de Lugo.
18. Fundación Preescolar na casa.
19. CDR O Viso de Lodoselo-Sarreaus.
20. Servizo de Animación Sociocultural do concello de A Peroxa.
21. Equipo Técnico do Menor de Ourense.

## **Anexo 2: Guión da entrevista en profundidade a axentes clave do ámbito social e educativo:**

### **A. Valoración das necesidades socioeducativas das familias:**

1. Cales son, segundo o teu punto de vista, as necesidades socioeducativas das familias?
  - En que se concretan estas necesidades?
  - Cales son as funcións socioeducativas das familias? Como as están desenvolvendo?
2. Cales son as principais dificultades coas que se atopan as familias para satisfacer estas necesidades e desenvolver as súas funcións sociais e educativas (a nivel do contexto familiar e social)?
3. Que colectivos consideras que teñen máis dificultades para desenvolver as súas funcións familiares na actualidade?
4. Das demandas que atendes e que teñen relación coas necesidades socioeducativas, cales son as principais, as maioritarias?

### **B. Valoración dos recursos e servizos:**

5. Cales son as posibilidades que ofrece a sociedade para que as familias satisfagan as súas necesidades socioeducativas?
  - Cales son os recursos, servizos, equipamentos, programas... que mellor están satisfacendo as necesidades socioeducativas das familias?
  - Que valoración fas do coñecemento destes recursos por parte das familias? Hai suficiente información? Os sistemas de difusión son axeitados? Os recursos son accesibles?
  - Cales son as dificultades que teñen as familias para o axeitado acceso e uso dos recursos do ámbito no que traballas? Como se podería mellorar o acceso?
  - Son suficientes os recursos? Que botas en falta?
6. Que responsabilidades tedes os/as profesionais do ámbito no que traballas con respecto a atención das necesidades socioeducativas das familias?
  - Que funcións desempeñades en relación á intervención familiar?
7. Desde o recurso/programa no que traballas como se está dando resposta a estas necesidades?
  - Como entendes que debe de ser a relación entre o servizo no que traballas e as familias?
  - Estase desenvolvendo algún programa concreto que trate de incidir positivamente nas competencias socioeducativas das familias?
  - Desenvólvense proxectos comunitarios?
  - Mantés algún tipo de relación/coordinación con outros recursos/servizos? Tedes algún sistema específico de coordinación?
8. Que propostas de mellora farías a este respecto?
  - Con que medidas concretas se podería mellorar esta atención?
  - Pensa que se podería desenvolver algún programa, no seu ámbito de traballo, que trate de incidir positivamente nas competencias socioeducativas das familias?

### **C. Programa de Educación Familiar:**

Como xa sabes, nós traballamos nun programa de apoio á Educación Familiar, polo que nos gustaría facer algunhas preguntas relativas ao mesmo.

9. Coñeces este programa? Que opinión tes respecto do mesmo?
10. Cales consideras que son/deben ser as funcións dos/as profesionais que desenvolven estes programas?
  - Obxectivos, áreas de actuación, accións que se deben contemplar...
11. Que tipo de relación/coordiación debe existir cos programas de Educación Familiar?
  - Que cuestións deben ser obxecto dun traballo conxunto?
  - Que dificultades vos atopades para facer un traballo coordinado?
12. Que propostas farías para facer un traballo coordinado/conxunto con estes/as profesionais?

### **Anexo 3: Guión da entrevista en profundidade a profesionais de servizos sociais comunitarios e especializados.**

Os apartados A e B son comúns ao guión para axentes do ámbito social e educativo.

### **C. Programa de Educación Familiar:**

1. Como entendes o Programa Educación Familiar?
2. Cal consideras que é a finalidade/obxectivos principais?
3. Cal é o perfil de familias que na actualidade se está atendendo desde o PEF? Cales consideras que deberan ser os/as destinatarios/as?
4. Cales son as actuacións fundamentais que se deben desenvolver desde o PEF?
5. Cales consideras que son as funcións dos SSAP en relación á protección da infancia e adolescencia?
6. Cales consideras que son/deben ser as funcións das/os educadoras/es familiares?
7. (Só TS e PIF) Cales son/deben ser as funcións das/os traballadoras/es sociais respecto do PEF?
8. (Só ETM, centro menores, PIF) Cales son/deben ser as vosas funcións respecto do PEF?
9. (Só TS) Que outros/as profesionais deben ter responsabilidades no PEF?
10. Que cuestións deben ser obxecto dun traballo conxunto?
  - Que dificultades vos atopades para facer un traballo coordinado?
  - Que propostas farías para facer un traballo coordinado/conxunto?
11. Cal é a túa valoración en canto á necesidade do programa, ao seu grao de desenvolvemento e funcionamento en Galicia?
12. Propostas de mellora do PEF.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR**

Secretaría Xeral de Familia e Benestar



**TECENDO  
REDES**

Programa de Apoio á  
Educación Familiar